

Proposta de organización das assembleas de traballadores/as da Xunta

Xustificación desta proposta

O único xeito de facer fronte de maneira firme e sostible no tempo aos recortes de dereitos presentes e futuros é dispor dunha boa organización. Esta proposta xurde para tentar desenvolver as assembleas dos traballadores/as públicos de maneira organizada, cuns criterios claros e coñecidos por todos que posibiliten a toma de decisións de xeito sinxelo garantindo a participación ordenada de todo o persoal en igualdade de condicións.

Convocatoria de assembleas

A responsabilidade da convocatoria recae na Xunta de Persoal e no Comité de Empresa de maneira conxunta. Os convocantes avisarán da data(s), hora(s) e lugar(es) da assemblea ao persoal con dereito á asistencia con antelación suficiente para que se poidan recoller propostas para incluír na orde do día da assemblea. Antes da data da assemblea comunicárase a Función Pública e aos traballadores/as a orde do día.

A periodicidade das assembleas ordinarias será como máximo de 2 meses. Excepcionalmente e debido a circunstancias especiais os órganos representativos poderán convocar assembleas extraordinarias.

Presentación de propostas

As propostas envíanse por escrito aos órganos de representación dos traballadores/as existentes, indicando a xustificación da proposta e as accións concretas a desenvolver, explicando e detallando ao máximo posible o contido da proposta. As propostas presentadas en tempo e forma deberán ser incluídas na orde do día e enviadas aos traballadores/as xunto coa convocatoria da assemblea.

Asistencia

Terán dereito a asistir con voz e voto todos os traballadores/as en nómina da Xunta de Galicia. Permitirase a asistencia con voz e sen voto de representantes de traballadores/as con relación directa coa Xunta: limpeza, camareiros, opositores, interinos e substitutos en paro.

Non terán dereito á entrada en ningún caso: os cargos políticos (subdirectores, directores xerais,...), periodistas e policías.

Organización na assemblea

Membros dos órganos representativos controlarán a entrada na assemblea e presidirán a assemblea. Escollerase entre os asistentes á assemblea un tomador de actas e unha persoa que organice as palabras.

Cada persoa que presentase unha proposta en tempo e forma terá dereito a presentala durante 5 minutos. A continuación, abrírase un turno pechado de palabras que abra un certo debate constructivo que permita a toma de posición dos presentes. O último participante no turno de palabra será o propio relator da proposta que poderá modificar aspectos da súa proposta a

fin de que esta sexa máis consensuada. Por último, a proposta será aceptada pola asemblea ou rexeitada tras votación pública a man alzada. Para evitar problemas de reconto e sobre todo para tentar alcanzar un amplo consenso só se aprobarán as propostas que non ofrezan dúbidas na votación.

A asemblea deberá dotarse de grupos de traballo para o desenvolvemento dos acordos tomados. Cada grupo terá un coordinador ou responsable do traballo do grupo ante a asemblea. O acceso a estes grupos de traballo será voluntario entre os traballadores/as.

Coordinación entre asembleas

Ao existir múltiples centros de traballo espallados pola xeografía galega pode ser recomendable celebrar as asembleas distribuídas en lugar de centralizadas en San Caetano e San Lázaro. A organización de asembleas en centros de traballo realizarase de maneira lóxica agrupando centros de traballo próximos que impidan tanto as micro-sembleas como a non asistencia por motivos de desprazamento. Esta organización dos lugares dependerá dos órganos de representación e será comunicada na convocatoria da asemblea.

Para unificar as decisións das asembleas de centro de traballo seguirase un criterio proporcional a respecto dos traballadores/as con dereito a asistencia a esa asemblea. Seguirase, igual que se fai nunha asemblea, o criterio de ampla maioría para aprobar unha proposta e chegar a un acordo único para todos e todas.

Febreiro 2012

Sección Sindical de CNT na Xunta de Galicia

cnt.sancaetano@xunta.es

981 546 815

www.cntgaliza.org/?q=xunta